

**PALABRAS DE AGRADECIMIENTO DE MANUEL BALTAR, PRESIDENTE DO GOBERNO PROVINCIAL DE OURENSE, NO ACTO DE ENTREGA DA MEDALLA DE OURO DE EL LICEO DE OURENSE.**

Dr Xavier Casares Mouriño, Presidente de El Liceo de Ourense

Autoridades e representacións

Amigas e amigos

Recibín, o pasado 22 de setembro, a comunicación oficial da Xunta Directiva desta institución, fundada o tres de marzo de 1850 -que ven participando, activamente, na vida cultural, social, económica e política ourensá, nada menos que durante cento setenta e un anos-anunciándome a concesión da Medalla de Ouro desta vedraia entidade. Considérome liceísta, un orgullo da nosa cidade e provincia, referencia inexcusable de Galicia, de sobra coñecida en toda España e con vinculacións internacionais, mais o que me veu á cabeza, así de sócato, foi un verso de John Lennon : “ *Life is what happens to you when you’re busy making other plans*”. Que traducido á nosa lingua propia, ven dicir máis ou menos: “ *A vida é o que pasa contigo cando estás ocupado facendo outros plans*”.

Pódenme crer vostedes, foi unha sorpresa, maiúscula e inmerecida. Non o esperaba. Porque, como di Lennon, outras eran as miñas angueiras o día que me chegou a carta. E non, non se trata dun “postureo”, como di agora a xente moza, tampouco falsa modestia.

Son ourensán, fixen cincuenta e catro anos o pasado tres de agosto, estou casado co María José Caldelas, tamén ourensá, e teño cinco fillos. Licencieme en Dereito, pola Universidade de Santiago, e acadei, por oposición, unha praza de funcionario no Corpo Superior

de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. En 1992 decidín iniciar a actividade política. Desde aquela exercín diversas responsabilidades que non é do caso enumerar eiquí. Presido a Deputación dende o seis de febrero de 2012. Vivín a transición democrática con entusiasmo, en Ourense. Son fillo de mestres e archisabido é que meu pai exerceu o servizo público como alcalde de Nogueira de Ramuín e desde a Deputación e o Concello, asumindo os riscos e as satisfaccións que isto conleva; agora felizmente xubilado.

Volvendo ó que hoxe nos ocupa. Este non é un discurso do político José Manuel Baltar Blanco, titular do Goberno Provincial d'Ourense, arredor do Liceo e do magnífico edificio, da súa propiedade, que nos acolle, o palacio dos Oca-Valladares, que se remonta a comezos do século XVI.

Persoeiros e investigadores de grande prestixio intelectual e probada solvencia na materia, como Manuel Núñez, Olga Gallego, Francisco Fariña e Miguel Ángel González, entre outros, téñense ocupado da historia *del* Liceo; un faro de poderosa luz cultural e de circia ourensania. Permítome recomendar o coidado e ilustrativo volumen, publicado no 2000, co gallo do cento cincuenta aniversario.

Tomen, amigas e amigos, estas miñas verbas como o que realmente queren ser; unha respectuosa resposta a un xesto de xenerosidade e de valentía (porque non dicilo? Non resulta doado tratándose dun político en exercicio das súas funcións) por parte de todas as persoas que dirixen esta casa, encabezadas polo Dr. Xavier Casares Mouriño, a quen moito lle agradezo o cariño e a autenticidade da súa intervención.

No momento que nos toca vivir, contadas son as institucións como *el* Liceo que perduran. As poucas que funcionan é grazas á total entrega e altruismo, o traballo constante e teimudo que resulta

eficaz -non só cultural e socialmente- no que atinxe ó desenvolvemento dunha cidade coma a nosa, dun territorio cunha historia bimilenaria e cunha identidade peculiar, fortemente arraigada que, como sempre repito, vai moito máis alá dos límites dunha provincia administrativa. Ourense proxéctase no mundo a través das súas mulleres e homes, do porverbial esforzo e do talento das ourensás e dos ourensáns. Tamén do noso propio xeito de ver a vida, do humor e da sátira, elementos de defensa imprescindibles e válidos na sociedade da comunicación e das novas tecnoloxías.

Dende “el mas hermoso y mejor conservado edificio civil del Renacimiento ourensano; una joya de la arquitectura” (en palabras tan autorizadas como as do arquitecto Manuel Martínez Rapela) quixera engadir unhas matizacións.

En primeiro lugar, o apoio incondicional que me atribúen. É unha obriga, non pode ser doutro modo. Como permanecer de costas a unha institución coma esta?

As persoas que atravesan a porta xiratoria *del Liceo*, ourensáns ou non, saben que entran nun espazo plural e democrático, nun lugar de concordia e diálogo permanentes. Algo que nos honra a todos, pensemos como pensemos, Eiqui campa a liberdade, mesmo nos tempos da dictadura franquista, cando non se podía exercer explícitamente a liberdade de expresión, buscábaselle a volta e conspirábase. A pesar da infame represión.

En segundo termo. Equivócanse os que pensen que primando ó seu partido, beneficiando ós seus correligionarios, preterindo as solicitudes de axuda económica e negando o apoio institucional van desenvolver unha acción de goberno crible e sostible. Hoxe os cidadáns están ben informados, coñecen os seus dereitos e esixen o que consideran xusto. No meu caso, poden estar seguros de que poño a miña condición de ourensán por riba dos intereses de partido.

E, por último, permítanme que aproveite este acto para reafirmar unha nítida vontade, a miña convicción de galeguista. Considero a Galicia como unha nación cultural, un país con lingua e cultura propias. Por iso reclamo máis autogoberno e maior autonomía. Non sería digno de ocupar esta palestra se non fose consecuente cos ideais que atrevesan o pensamento galego, como atravesa o Pai Miño as terras ourensás; desde a xeración dos Precusores, as Irmandades da Fala, a acción cultural e política dos homes de Nós e a resistencia na longa noite de pedra, que dixo Celso Emilio Ferreiro.

Lamas Carvajal, Curros Enríquez, Prado Lameiro, Marcelo Macías e os da Comisión de Monumentos, Vázquez Núñez, López-Cuevillas, Martínez Sueiro, Benito Fernández Alonso, Cándido Cid, Adrio Menéndez, Otero Pedrayo, Vicente Risco, García Mosquera, Sebastián Martínez-Risco, Eduardo Blanco-Amor, Ferro Couselo, Antón Tovar, Pura e Dora Vázquez, Carlos Casares e unha ringleira que completa Marcos Valcárcel. A carón os grandes artistas plásticos ourensáns. Todos liceístas, socios, colaboradores ou participantes. Ese é o verdadeiro espírito desta sociedade.

Para engrandecer *el Liceo*, contade SEMPRE comigo. Coa mesma ilusión de cando entrei eiquí por primeira vez, con dezaoito anos, buscando con quen bailar naquela impresionante Festa de final de ano.

Graciñas, beizón, como dicimos en Ourense.

